

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DO ALUGUER DE STANDS PARA O RECINTO FERIAL (LOTE 1) TRAS DECLARACION DE DESERTO E NOVAS INVITACIÓNIS.

Sendo as 13:00 horas do día 25 de setembro de 2015, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por don Xosé Manuel Cao Rei, xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento e actuando como vocais dona Matilde García Losada xefa de sección de Cultura, don Marcial Rodríguez Toajas Interventor Xeral, dona Ana Saez Mancebo Letrada da Asesoría Xurídica e actuando como secretaria dona Ana Tabarés Martínez, Técnico do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello.

Abre a sesión o Sr. Presidente e procédese por parte da Secretaria a informar da presentación de ofertas por parte de dona Nuria Carballido Álvarez e Xestión de Montaxes Os Ancares

Trala apertura dos sobres A resulta que dona Nuria Carballido Álvarez non presenta correctamente a documentación acreditativa da solvencia técnica ao non acreditar a realización dos servizos prestados á Excm. Deputación Provincial de Lugo mediante certificación de servizos prestados.

Dona Matilde Losada manifesta que é moi urxente adxudicar este contrato xa que o vindeiro xoves día 1 de outubro teñen que estar entregadas as chaves aos que van ocupar as casetas polo que as empresas non van ter tempo suficiente para a montaxe.

A Mesa de Contratación acorda concederlle a dona Nuria Carballido un prazo de tres días hábiles ata o martes día 29 de setembro coa intención de convocar nova xuntanza da Mesa para ese mesmo día ás 14:00 pero que en todo caso, e dada a urxencia, se a interesada achegase antes a documentación requirida se realizaría convocatoria urxente de nova mesa para a adxudicación do contrato antes de rematar este prazo. Por este motivo o fax do requirimento se enviará agora mesmo por parte da Secretaria da Mesa chamando a interesada para explicarlle a urxencia da presentación desta documentación.

Ás 14,20 horas os membros da Mesa reúnenos novamente á vista do escrito que remite dona Nuria Carballido por correo electrónico como resposta ao requirimento para a presentación da documentación acreditativa da solvencia técnica. Neste correo electrónico a licitadora comunica a súa renuncia a este procedemento de contratación.

En consecuencia o Presidente da Mesa procede á apertura do sobre B presentado por XESTIÓN DE MONTAXES OS ANCARES co seguinte resultado


- Prezo sen IVE: 27.169 euros.
- 21% IVE: 5.705,4 euros.
- PREZO TOTAL CON IVE: 32.874,49 euros.

Asimesmo achega o correspondente desglose cos prezos unitarios e a memoria coas características técnicas indicando dona Matilde que cumpre os requisitos técnicos e que as casetas incluen unha cornisa decorativa desmontable polo que as casetas cumpren os requisitos esixidos

En consecuencia a Mesa de Contratacion acorda seleccionar a XESTIÓN DE MONTAXES OS ANCARES S.L. por ter presentado a oferta economicamente máis ventaxosa


Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14:30 horas no lugar sinalado no encabezamento.

O PRESIDENTE



Asdo: Xosé Manuel Cao Rei

A SECRETARIA



Asdo: Ana Fabares Martínez

